

A MALDICIÓN DE RAMSEY E A INVENCIÓN DE MALDICIÓNES ESPURIAS COMO XEITO DE COMBATER SUPERSTICIÓNES

PUJALES MARTÍNEZ, XOSÉ ENRIQUE
Catedrático de Instituto xubilado

A maldición de Ramsey afirma que moitos dos goles feitos por dito xogador de fútbol, actualmente no Arsenal inglés e na selección galesa, traen como consecuencia a morte de personaxes importantes antes de que pasen tres días.



A citada maldición pode crear sensacións enfrontadas: hilaridade, tristura pola credulidade, ... mais tamén interese polas súas posibilidades didácticas para aprender estatística e profundar no razoamento científico e racional, combatendo as supersticións.

Os medios de comunicación falan de que 20 dos 53 goles conseguidos por Ramsey desde a tempada 2009/10 ata a 2015/16 ‘coincidiron’ con mortes de personaxes importantes. Pero o que ocultan son as frecuencias das outras opcións (Ramsey non golea e morre algunha persoa importante ou Ramsey non golea e non morre ningunha persoa importante), necesarios para estudar estatisticamente se hai unha relación entre os sucesos ‘Ramsey golea’ e ‘morreu algún personaxe importante’.

	Morte famoso (B)	Non morte famoso (B')	TOTAL
Ramsey golea (A)	20	33	53
Ramsey non golea (A')	?	?	
TOTAL			

Con moita paciencia, o autor desta comunicación foi quen de completar a táboa de continxencia anterior e a partir dela pódese estudar se os dous sucesos cos que traballamos son estatisticamente independentes ou non, utilizando o contraste de independencia e o test exacto de Fisher.

Ao longo da presentación da comunicación tamén falaremos doutras ‘maldicións’ inventadas polo autor co fin de mostrar como o mellor xeito de adquirir a capacidade de detectar engados é aprender a crealos. Concretamente trataremos:

- A maldición do Dépor.
- A maldición celtista contra A Coruña.
- A maldición do PP.

O tratamento nas aulas das ‘maldicións’ posúen un grande interese didáctico en canto que son uns excelentes instrumentos para:

- Fortalecer as aprendizaxes relacionadas coa Estatística (táboas de continxencia, independencia de variábeis estatísticas, probabilidade, contraste de hipóteses, decisión, utilización de programas informáticos ...).
- Contribuír a desenvolver as capacidades que lle permita ao alumnado manexar con destreza a utilización das fontes de información.
- Comprender os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos, seguindo unha metodoloxía activa, cooperativa e contextualizada, esencial para a análise de datos, a investigación e a comprobación.
- Animar a formular hipóteses e ver a necesidade da súa contrastación cara a súa aceptación ou rexeitamento e a toma de decisións.
- ...

Pero, sobre todo, o tratamento das ‘maldicións’ serven para combater as ideas supersticiosas que campan polo mundo, fomentar a reflexión e a dúbida e capacitar ao alumnado a desenvolver o espírito crítico ante informacións ‘estatísticas’ presentes nos medios de comunicación, e con incidencia na vida cotiá, aprendendo a detectar erros e manipulacións tanto na presentación dos datos coma na exposición das súas conclusións.